



Concello de Xinzo de Limia

DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o “Estado de Alarma” para a xestión de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que foi publicado no BOE n.º 67, de data 14/03/2020.

Vista a Resolución de 15 de marzo de 2020, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza pola que se da publicidade ao acordo do Centro de Coordinación Operativa, mediante o que se adoptan medidas preventivas en lugares de traballo no sector público autonómico, como consecuencia da evolución epidemiolóxica do “Coronavirus COVID-19”, publicada no DOG nº 51 de 15 de marzo de 2020, en cuxo décimo, apartado 2, recomenda ás entidades locais a aplicación das medidas previstas en dito acordo para o cal deberán adoptar as instrucións oportunas de adaptación no seu desenvolvemento e en atención ás particularidades dos seus ámbitos.

Vista a reunión mantida o día de hoxe do Grupo de Goberno cos representantes dos sindicatos con representación neste Concello no seu da cal consensuáronse as medidas a aplicar ó persoal do Concello de Xinzo de Limia, e polo que, esta Alcaldía, de xeito URXENTE,

RESOLVE:

Primeiro.- Que os traballadores afectados polo peche das instalacións non terán que acudir ó seu posto de traballo, se ben, deberán permanecer localizables con plena dispoñibilidade para que no caso de necesidade poder reforzar servizos.

Segundo.- Que nos servizos non afectados polo peche das instalacións cubrirase o servizo polas seguintes quendas:

**** Unha en horario de 9.00 a 14.00 horas (1 persoa por cada servizo por día ou semana, segundo se acorde no seo de cada servizo).***

**** Outra en horario de 7.00 a 12.00 horas para as brigadas de Obras e Medio Ambiente, as cales estarán unificadas.***

Terceiro.- Que os traballadores e traballadoras das Casa do Concello e do Departamento de Servizos Sociais traballarán a porta pechada, cada servizo será atendido por unha persoa en quendas de traballo, segundo as dispoñibilidades de cada un/unha en cada servizo.

Cuarto.- Fomentarase na medida do posible o traballo non presencial para que

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: AKP-KCLJGSL7WMMREZMKZ2DVI6NH | Corrección: <https://xinzoelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 2



Concello de Xinzo de Limia

aqueles traballadores/as que se poidan acoller a esta medida, traballen dende os seus domicilios.

Quinto.- Este Concello permanecerá pechado ao público para trámites ordinarios ata novo aviso, só se atenderán urxencias: vía telefónica no número 988550111, vía telemática: concello@xinzodelimia-ayto.com e sede electrónica: www.xinzodelimia.gal.

Sexto.- Dar conta da presente resolución ó Pleno na vindeira sesión que celebre.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: AKPKCLJG3L7WMREZMKZ2DY6NH | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 2